



Estimadas familias de INFANTIL e PRIMARIA:

Ante as dúbidas formuladas por algunhas familias en relación ao uso da máscara no recreo, comunicamos que **a día de hoxe seguen vixentes as instrucións publicadas no mes de febreiro**, con independencia de que este pasado xoves as Consellerías de Sanidade e Educación emitiron un comunicado conxunto para "deixar de recomendar o uso das máscaras nos espazos ao aire libre dos centros educativos da comunidade".

Polo tanto **a normativa vixente no uso das máscaras para Infantil e Primaria resúmese no seguinte:**

- 1- O uso de máscara no interior do centro continúa a ser obrigatorio para todas as persoas maiores de 6 anos (e recomendable para maiores de 3 anos).**
- 2- No patio durante o recreo poderían quitar a máscara, por estar ao aire libre, pero sempre dentro do grupo burbulla de cada clase e procurando manter as distancias.**

ESTA DECISIÓN É RESPONSABILIDADE DAS FAMILIAS.

- 3- A máscara non poderá sacarse ata a chegada ao patio e deberá poñerse antes de entrar novamente no centro despois do recreo, sendo recomendable dispoñer dun portamáscaras.**

O PROFESORADO VELARÁ POLO CUMPRIMENTO DESTA NORMATIVA.

Vedra a 21 de marzo de 2022

O EQUIPO DIRECTIVO